

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 7 DE DECEMBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Autovía AG-59, treito: A Ramallosa - Enlace AC-241, de clave: GA/08/022.01.1, nos concellos da Estrada e Teo.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede a súa convocatoria para o ano 2018, por un importe total de tres millóns douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros (3.262.500,00 €).

---

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Abegondo para o financiamento da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo, por un importe total de cento cincuenta e un mil oitocentos vinte e seis euros con corenta céntimos (151.826,40 €).

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba a primeira fase do proxecto integrado da nova estación intermodal de Ourense (estación de autobuses e aparcadoiro subterráneo) como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Consorcio dos Peares para a pavimentación de accesos á estación de Ferrocarril e ampliación do paseo na marxe dereita do río Miño nos Peares, por un importe total de douscentos noventa e cinco mil cen euros (295.100,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sarreaus para a urbanización de praza e rúas da contorna, por un importe total de cento sesenta e un mil trescentos noventa e seis euros con vinte e seis céntimos (161.396,26 €).

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se exige de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2018 das axudas do Igapec para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de material de refugallo para a recollida de fluídos e mostras e material cortante e punzante con risco biolóxico para os centros sanitarios das estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de dous millóns trescentos noventa e sete mil cincocentos sesenta e cinco euros con setenta e catro céntimos (2.397.565,74 €), e un valor estimado de cinco millóns novecentos noventa e seis mil novecentos dez euros con cincuenta e sete céntimos (5.996.910,57 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social, para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro Concepción Arenal. Importe total: dous millóns trescentos trinta e seis mil euros (2.336.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación Monteledo. Importe total: dous millóns catrocentos trinta e cinco mil seiscentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos (2.435.657,14 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral e terapéutica con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de atención específica Montefiz. Importe total: un millón seiscientos corenta e un mil cincocentos dez euros (1.641.510,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuación en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: catrocentos setenta mil oitocentos cinco euros con setenta e dous céntimos (470.805,72 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Dignidad Lugo, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: douscentos sesenta e tres mil novecentos vinte e un euros con catro céntimos (263.921,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Centro Trama, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuación en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: douscentos cincuenta e cinco mil setecentos catorce euros con vinte e oito céntimos (255.714,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2018 do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Arela, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: trescentos trinta e un mil cento sesenta e seis euros con sete céntimos (331.166,07 €).



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión a Tecnologías y Servicios Agrarios SA, SME, MP (TRAGSATEC) dos traballos dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2018, por un importe total de sete millóns cincocentos once mil douscentos cincuenta e nove euros con vinte e sete céntimos (7.511.259,27 €).

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a concesión de axudas para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores da industria e hoteleiro para o ano 2017 e 2018.
- Informe sobre as axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Informe sobre a convocatoria da orde de axudas dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga para o ano 2018.
- Informe sobre a convocatoria da orde de axudas para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2018.

## **A XUNTA APROBA A REFORMA QUE BLINDA POR LEI A EXISTENCIA DOS HOSPITAIS COMARCAIS COA CREACIÓN DE 14 DISTRITOS**

- *Por primeira vez, unha norma con este rango establece que ten que haber un hospital de referencia en cada distrito*
- *A reforma establece a división en sete áreas sanitarias e a súa delimitación territorial, que coincidirá co das EOXI: A Coruña; Santiago de Compostela; Ferrol; Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés e Vigo*
- *Favorece a habilitación de procedementos que facilitarán a mobilidade, como os itinerarios profesionais e os concursos de traslados abertos e permanentes*
- *Simplifica os organismos de participación facéndoos máis efectivos e próximos cun órgano a nivel autonómico, consellos de área e consellos de distrito*
- *A reforma permite formular os principios básicos para a regulación da actividade investigadora, coordinada por ACIS, e potencia a transferencia de coñecemento, facendo referencia expresa á innovación*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En total, reformúlanse 14 artigos e incorpora tres artigos novos, cos cales se adapta a normativa ás novas realidades e inclúe aspectos máis especificamente axeitados ao marco normativo actual (estatal, básico e autonómico), especialmente modificado polas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, reguladoras do procedemento administrativo e do sector público, respectivamente.

A reforma aborda a organización territorial do sistema público, a participación social no ámbito sanitario, a consideración de autoridade sanitaria, a mobilidade e itinerarios profesionais, e o establecemento de principios básicos para a regulación da docencia, investigación e innovación.

A modificación normativa aprobada hoxe atende ás achegas realizadas polos colexios profesionais, Fegamp e outras entidades sociais e políticas coas que se mantiveron reunións desde a súa publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia.

### **Simplificación territorial máis efectiva**

A reforma establece a división por áreas sanitarias e a súa delimitación territorial que coincidirá co actual ámbito das EOXI: A Coruña; Santiago de Compostela; Ferrol; Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés e Vigo.

Ademais, créanse 14 distritos sanitarios que se configuran como divisións das áreas, constituíndo un marco de referencia da actividade da atención primaria, hospitalaria e

sociosanitaria. Conforme este criterio existirán 14 distritos sanitarios ligados á institución hospitalaria existente no seu ámbito territorial, mantendo a agrupación de concellos que se realiza nos decretos de creación das EOXI. Os distritos indicados son os seguintes: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

A nova organización territorial pretende acadar unha utilización óptima dos recursos dispoñibles, tanto materiais como humanos, dentro do ámbito territorial da área sanitaria, con maior coordinación entre primaria e hospitalaria; ao mesmo tempo que favorece que a poboación galega dispoña en todo momento dunha organización sanitaria máis eficiente.

### **Mobilidade e itinerarios profesionais**

Respecto do título VIII, relativo aos empregados e empregadas públicos/as do Sistema de Saúde de Galicia, en materia de selección e provisión, establécese a posibilidade de que a convocatoria de concursos de traslados poida manter a súa vixencia no tempo a través de resolucións de adxudicación sucesiva e periódica. Así mesmo, introdúcese o concepto de itinerario profesional, o cal poderá ser tido en conta para a estruturación dos sistemas de selección e provisión.

A norma facilita así unha maior dispoñibilidade de profesionais e reforza a mobilidade voluntaria de profesionais dentro da área favorecendo o achegamento ao lugar de residencia e a conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores do Sergas.

### **Participación social máis próxima no ámbito sanitario**

A participación social no ámbito sanitario é un dos principios reitores do sistema público de saúde. A modificación da norma neste senso ten como finalidade simplificar as canles de participación, que se desenvolverá a través do Consello Galego de Saúde de ámbito comunitario, dos consellos de saúde de área e dos consellos de saúde de distrito no ámbito propio deles.

A reforma da lei regula así mesmo as funcións do Consello Galego de Saúde, os consellos de saúde de área, e os consellos de saúde de distrito. Desenvolverán funcións consultivas e de asesoramento na formulación de plans e obxectivos xerais no ámbito territorial respectivo, así como de seguimento dos resultados de xestión. Na composición destes órganos, que se determinará por decreto da Xunta de Galicia, haberá representación dos concellos, dos colexios oficiais de profesionais sanitarios, das asociacións de pacientes, así como das organizacións empresariais e das organizacións sindicais e doutras entidades e organizacións do ámbito sanitario, de forma que quede garantida a participación efectiva e se poida contar cunha visión e percepción ampla da sociedade.

O novo articulado formaliza a creación do Consello Asesor de Pacientes e establécese que regulamentariamente se poderán establecer outros órganos de participación e consulta para ámbitos concretos de actividade sanitaria.

### **Modificación en docencia e investigación**

A creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) supuxo un cambio no modelo existente de xestión do coñecemento, e nas actividades de investigación e innovación. A reforma permite formular os principios básicos para a regulación da actividade investigadora no ecosistema sanitario galego, estruturada en torno aos institutos de investigación sanitaria e coordinada por ACIS. Ademais potenciase a transferencia de coñecemento e o réxime de colaboración co sistema público de saúde de Galicia, facendo referencia expresa á innovación.

O título IX da Lei de saúde, xa modificado coa aprobación da lei que autorizou a creación de ACIS (supuxo a derogación de todo o articulado dos capítulos II e IV), cambia a súa denominación e pasa a ser *Da docencia, investigación e innovación*.

Ademais, engádese un novo título para crear a Comisión Interdepartamental en materia de educación e saúde, que terá como obxectivo a coordinación de actuación entre as consellerías competentes no desenvolvemento das iniciativas neste ámbito. En concreto, realizarán as propostas de actuación que estimen necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.

A modificación da lei concreta tamén a condición de autoridade sanitaria, recoñecendo a esta á inspección dos servizos sanitarios, á inspección de saúde pública, e ás persoas titulares das xefaturas territoriais; ademais dos actuais xa recollidos na Lei 8/2008 (Consello da Xunta, titular da Consellería de Sanidade e alcaldes e alcaldesas).

## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE MODIFICA O REGULAMENTO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA NA NOSA COMUNIDADE**

- *Dota este servizo dunha maior operatividade administrativa e procedemental que redunda en beneficio da calidade do servizo prestado á cidadanía*
- *Co presente decreto acadarase unha mellor optimización da xestión dos recursos económicos destinados a este fin*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuítas de Galicia, xa que a Comunidade Autónoma galega, como consecuencia das competencias transferidas en materia de Xustiza, realizou o desenvolvemento normativo da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuítas, que se atopa recollido, no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, que aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuítas de Galicia.

Co presente decreto adáptase o regulamento aos cambios normativos que o afectaron desde a súa publicación no ano 2008 e impulsa o uso das novas tecnoloxías na xestión do recoñecemento do dereito e dos pagamentos asociados, na mesma senda xa iniciada pola polo Decreto 138/2012, que introducira no devandito regulamento importantes pasos cara á eficacia da xestión do servizo.

As modificacións concretas que introduce este decreto no Regulamento de asistencia xurídica de Galicia son, entre outras, a atribución da presidencia das comisións de asistencia xurídica gratuítas aos letrados da Xunta de Galicia, cambiando tamén a composición do Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuítas; deste xeito equipárase a representación do Consello da Avogacía e do Consello dos Procuradores.

Simplifícase o trámite para a revogación das resolucións denegatorias das comisións e amplíase a prestación inmediata de asistencia xurídica gratuítas polos profesionais da quenda de oficio ás vítimas de terrorismo, tráfico de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos.

Na xestión dos pagamentos, elimínase a fase de xustificación por parte dos colexios profesionais de avogados e procuradores, xa que ao estar totalmente informatizado o proceso de revisión e pagamento, xa non é necesario. Mantense o pagamento por infraestruturas colexial, de xeito que os colexios percibirán o 8% do custo económico xerado en cada período de liquidación polas actuacións profesionais realizadas.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A PRIMEIRA FASE DA PROLONGACIÓN DA AUTOVÍA SANTIAGO-A ESTRADA

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións de 562 leiras para a construción do treito entre A Ramallosa e a intersección coa estrada AC-241, en Pontevea*
- *A execución deste primeiro subtreito, de 3 quilómetros, suporá un investimento autonómico de 24 millóns de euros, aos cales deben sumarse os 2 millóns necesarios para as expropiacións*
- *A actuación incluírá un viaduto e 4 pasos inferiores, ademais das estruturas necesarias para executar os enlaces previstos na Ramallosa e coa AC-241*
- *Os orzamentos da Xunta para 2018 recollen unha partida de 2 millóns de euros para impulsar esta actuación*
- *A Xunta, con esta infraestrutura, pretende reducir o tráfico que circula pola AC-841 e a PO-841, aumentar a capacidade do itinerario entre A Ramallosa e A Estrada e facilitar a comunicación entre Santiago e Tabeirós-Terra de Montes*
- *O Executivo autonómico prevé a prolongación ata A Estrada deste eixe de altas prestacións e para a súa materialización dividiu o tramo en tres subtreitos para a execución por fases*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de continuación da autovía AG-59, desde o seu punto de finalización actual, na Ramallosa, ata a intersección coa estrada AC-241, en Pontevea.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 562 leiras necesarias para a construción do primeiro subtramo da prolongación cara á Estrada da autovía AG-59, que actualmente se inicia en Santiago de Compostela e finaliza na Ramallosa.

O proxecto de construción supón un investimento de máis de 24 millóns de euros, aos cales deben engadirse os 2 millóns de euros necesarios para as expropiacións.

Na planificación da Xunta está prevista a prolongación ata A Estrada deste eixe de altas prestacións, o que permitirá separar o tráfico de máis longo percorrido do máis local; e para a súa materialización, tras a aprobación do trazado completo, dividiuse o tramo en tres subtreitos para a execución por fases.

Na primeira fase para a continuación da autovía, proxéctase a execución do primeiro tramo, que contará con 3 quilómetros de lonxitude aproximada, dende o punto en que actualmente finaliza a AG-59 ata entroncar coa AC-241 (Ponte Ulla-Pontevea), en Teo.




Neste tramo a actual estrada AC-841 percorre os núcleos de Chao do Río, Ferreiriño e Pontevea, polo que a nova infraestrutura permitirá reducir de xeito significativo o tráfico que circula por estas travesías.

A Xunta, coa construción desta nova infraestrutura, pretende aumentar notablemente a capacidade do itinerario entre A Ramallosa e A Estrada, mellorar a seguridade viaria e facilitar a comunicación entre Santiago e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

A actuación incluírá un viaduto e 4 pasos inferiores, ademais das estruturas necesarias para executar os enlaces previstos na Ramallosa e coa AC-241. Para a execución deste subtramo é necesario material de achega, mentres que para a construción do segundo subtramo haberá material excedente, polo que, no proxecto construtivo da primeira fase, se inclúe a expropiación de parte dos terreos que se verán afectados polas obras do segundo subtramo, de xeito que se acade unha mellor compensación de terras. Neste sentido, o decreto de utilidade pública comprende a expropiación de 562 leiras nos concellos de Teo e A Estrada, 490 correspondentes ao treito I e 72 do treito II das obras.

O Goberno galego incluíu nos orzamentos para o ano 2018 unha partida de 2 millóns de euros para esta infraestrutura, reservando os fondos necesarios para os avances nos orzamentos futuros.



Correo-e: [comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

## **A XUNTA INCREMENTA NUN 8 POR CENTO AS AXUDAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO PARA ONGD E OUTROS AXENTES**

- *A convocatoria terá carácter plurianual, 2018-2019, e un importe de 3.262.500 euros*
- *Poderán optar ás subvencións tanto as ONGD galegas como as agrupación lideradas por estas con outros axentes de cooperación*
- *En cada proxecto aprobado é posible anticipar ata o cen por cen das anualidades*

O Consello da Xunta aprobou a orde da Vicepresidencia de axudas para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, por importe de 3,2 millóns de euros, o que supón un incremento dun 8,3 por cento con respecto á anterior convocatoria.

A convocatoria terá carácter plurianual (2018-2019) e as entidades beneficiarias poden ser tanto ONGD como poden ser as universidades, empresas, sindicatos ou comunidades galegas no exterior, entre outros. Para os proxectos no exterior de ONGD destínanse 2.762.500 euros e para os proxectos no exterior doutros axentes 500.000 euros.

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, mantéñense os criterios de financiamento do ano 2017, de xeito que, no caso dos proxectos executados polas ONGD, se poderán financiar como máximo dous proxectos, ben sexa individuais o en agrupación, sempre que un dos proxectos, ao menos, sexa executado nun país definido como prioritario para a Cooperación Galega, que na actualidades son Nicaragua, Guatemala, Honduras, El Salvador, República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique e Cabo Verde. No caso dos outros axentes de cooperación, estes só poderán presentar un proxecto, ben sexa individual o en agrupación.

## MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 150.000 EUROS Á REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE ABEGONDO

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura do convenio de colaboración polo que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio financiará o 100 por cen, ao tratarse dun concello de menos de 5.000 habitantes*
- *A Xunta persegue que os concellos galegos conten con plans municipais adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico*
- *O importe do convenio aboarase en catro anualidades e o pagamento estará ligado aos avances na tramitación do plan xeral por parte do Concello de Abegondo*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Abegondo para a redacción do novo Plan xeral de ordenación municipal por un importe de 151.826 euros.

A Xunta de Galicia ten atribuídas as competencias específicas en materia de urbanismo entre as cales se atopa o fomento da redacción dos plans municipais, co fin de que os concellos galegos dispoñan de documentos de ordenación do territorio adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

Entre os ditos labores de fomento cabe sinalar as ordes polas que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación do plan urbanístico, que neste caso concreto se asume o financiamento do 100 por cen do custo. Cómpre lembrar que tal e como recollen as normas de financiamento aplicable aos convenios para a redacción de planeamento, ao tratarse dun concello de menos de 5.000 habitantes a Xunta financia o 100% do custo do PXOM.

Tamén asume a Consellería un labor de fomento para que os concellos teñan os documentos dos plans municipais adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

O importe de convenio aboarase en catro anualidades e o pagamento das mesmas estará ligado á tramitación do plan xeral, polo que o Concello de Abegondo deberá acreditar os pasos e avances na redacción deste.

Pola súa banda, o concello de Abegondo deberá efectuar a aprobación inicial do documento do PXOM e facilitarlle á Xunta o acceso a todo tipo de información que teña relación coa tramitación do plan xeral de ordenación municipal.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio, crearase unha comisión que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio formarán parte dela, a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e o subdirector xeral de Urbanismo. Polo Concello de Abegondo, a comisión integraran a o alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable da área de Urbanismo.

## O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á PRIMEIRA FASE DO PROXECTO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE, O QUE PERMITIRÁ INICIAR AS OBRAS EN 2018

- *A primeira fase desta actuación comprende a execución da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo, cun orzamento que ascende a 10,3 millóns de euros*
- *O Executivo autonómico inclúe nos seus orzamentos para o ano 2018 unha partida de 2,7 millóns de euros para iniciar as obras da intermodal de Ourense*
- *O aparcadoiro subterráneo disporá de dúas plantas con 300 prazas que darán servizo ás terminais de ferrocarril e autobuses*
- *A intermodal incidirá positivamente na área que a acollerá, ao superar a barreira que as vías supuxeron na división dos barrios da Ponte e o Vinte e Un e constituír o principal nó de comunicación de viaxeiros da provincia*
- *A infraestrutura, ao non estar recollida nas normas urbanísticas en vigor no Concello de Ourense, tramitouse coa Lei de medidas en materia de proxectos públicos urxentes, axilizando os prazos para acadar a seguridade xurídica precisa*
- *A Xunta, coas alegacións recollidas no proceso de información pública, introduciu melloras no proxecto que permitirán unha maior integración, conexión e harmonía na actuación no seu conxunto*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á primeira fase do proxecto da estación intermodal de Ourense, o que permitirá iniciar as obras en 2018.

O Executivo autonómico está a apostar con determinación pola intermodalidade a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte. Esta aposta reflíctese nos orzamentos da Xunta para o ano 2018, que inclúen unha partida de 2,7 millóns de euros para iniciar as obras da estación intermodal de Ourense.

A primeira fase desta actuación estratéxica comprende a execución da terminal de autobuses, cun investimento de 4,8 millóns de euros que achegará a Xunta na súa totalidade; e do aparcadoiro subterráneo, cun orzamento de 5,5 millóns de euros, do cal o 70 % será achegado polo Goberno galego. Así, estas actuacións da primeira fase constan dun orzamento total que ascende a 10,3 millóns de euros. O Executivo autonómico conta con fondos do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 para financiar as actuacións correspondentes.

A segunda fase prevé a adaptación da estación de ferrocarril e actuacións de permeabilidade transversal e integración urbana para acadar unha adecuada comunicación entre os barrios a ambos os lados das vías.

No que se refire ao aparcadoiro subterráneo, Adif licitará as obras nos primeiros meses do próximo exercicio co fin de comezalas en 2018. Esta infraestrutura disporá de dúas plantas con 300 prazas que darán servizo ás terminais de ferrocarril e autobuses e á demanda pública en xeral e posibilitarán a reordenación da praza da estación. Ademais, esta actuación permitirá acadar unha contorna máis comfortable e a súa integración urbana.

As obras da estación de autobuses tamén serán licitadas pola Xunta de Galicia no vindeiro ano co fin de continuar avanzando para dotar canto antes a cidade das Burgas desta infraestrutura.

A estación intermodal incidirá positivamente na área que a acollerá, ao superar a barreira que as vías supuxeron na división dos barrios da Ponte e o Vinte e Un. Neste sentido, a nova infraestrutura integrará as terminais de ferrocarril e autobuses no mesmo espazo, constituíndo o principal nó de comunicación de viaxeiros da provincia e facilitando os desprazamentos dos veciños da cidade e do resto de concellos.

Esta infraestrutura, ao non estar recollida nas normas urbanísticas en vigor actualmente no Concello de Ourense, tramitouse a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Esta norma, aprobada pola Xunta o ano pasado, permite axilizar os prazos para acadar o amparo urbanístico e a seguridade xurídica necesaria nesta actuación estratéxica.

A Xunta, tras someter o Concello de Ourense o citado proxecto a información pública, considerou as alegacións recollidas para mellorar esta actuación. Unha das propostas para ter en conta consistirá en facer unha única entrada e saída na infraestrutura co obxectivo de non interferir nas inmediacións do centro de saúde da zona. Tamén se adecuarán diversos elementos da estación de autobuses co fin de acadar unha maior harmonía estética co proxecto da terminal de ferrocarril e conexión no conxunto da infraestrutura.









## **O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DESTINAR 300.000 EUROS PARA MELLORAR OS ACCESOS Á ESTACIÓN DE FERROCARRIL E A AMPLIAR O PASEO DA MARXE DEREITA DO RÍO MIÑO NO NÚCLEO DOS PEARES**

- *O Goberno galego autoriza a sinatura dun acordo co Consorcio dos Peares para financiar a totalidade da actuación*
- *Os traballos levaranse a cabo nos concellos de Carballedo e A Peroxa e son necesarios para a mellora de accesibilidade e seguridade*
- *Esta actuación, que se desenvolverá o vindeiro ano, vén completar a xa realizada en 2016 pola Xunta no mesmo enclave, onde se construíu unha nova ponte sobre o río Miño cun investimento de 2,62 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Consorcio de Peares para a mellora dos accesos á estación de ferrocarril e a ampliación na marxe dereita do río Miño nesta localidade. Esta actuación suporá un orzamento autonómico de case 300.000 euros.

O Consorcio dos Peares, integrado pola Xunta, as deputacións provinciais de Lugo e Ourense, ademais dos concellos de Pantón e Carballedo, na provincia de Lugo; e da Peroxa e Nogueira de Ramuín en Ourense, ten como finalidade articular a cooperación para acadar a efectividade na prestación de servizos, na zona coñecida como Os Peares.

As actuacións que se recollen no convenio autorizado hoxe consisten na ampliación do paseo e a reparación das luminarias na marxe dereita do río Miño e na marxe esquerda do río Búbal; e a adecuación da vía que dá acceso á estación do ferrocarril, situada no municipio da Peroxa.

Estes traballos levaranse a cabo nos concellos de Carballedo e A Peroxa e son necesarios para a mellora de accesibilidade e seguridade viaria.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, coa achega da totalidade do investimento preciso para executar o proxecto. Pola súa banda, o Consorcio dos Peares elaborará o documento técnico necesario para as obras e será o encargado da súa execución.

Máis concretamente, os traballos consistirán na pavimentación do acceso á estación de ferrocarril, rehabilitando o firme da estrada que une o centro de saúde dos Peares coa estación, así como dos camiños que se atopan na súa contorna.

Nese contorno actuarase tamén para mellorar a seguridade, substituíndo o actual muro

de cachotaría de contención por un muro de formigón armado con varanda de aceiro para protección.

E, na marxe dereita do Miño, prevese ampliar o paseo existente na marxe dereita do río Miño, ampliar do muro de cachotaría sobre o cal se asenta a plataforma do camiño e a instalación de iluminación da zona con lámpadas led.

Ademais, repararanse as luminarias que na actualidade se atopan en estado deficiente, tanto na marxe dereita do río Miño coma na marxe esquerda do río Búbal.

Esta actuación no núcleo dos Peares, que se desenvolverá o vindeiro ano, vén completar a xa realizada en 2016 pola Xunta de Galicia no mesmo enclave, onde se construiu unha nova ponte sobre o río Miño para mellorar a comunicación dos núcleos urbanos da marxe dereita coa estrada N-120 e a estación do ferrocarril. A estrutura, de 194 m de lonxitude, requiriu dun investimento superior a 2,62M euros, e finalizouse en outubro de 2016.



- NOVA PONTE DOS PEARES
- PAVIMENTACIÓN DE ACCESO Á ESTACIÓN DE FERROCARRIL
- RENOVACIÓN DOS MUROS E SISTEMAS DE CONTENCIÓN
- - - PROLONGACIÓN DO PASEO EXISTENTE
- - - REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SARREAUS PARA A URBANIZACIÓN DA PRAZA DIAGONAL E DAS RÚAS DA SÚA CONTORNA CUN INVESTIMENTO DE CASE 162.000 EUROS

- *Os traballos centraranse no arranxo da pavimentación desta área, xa que se atopa moi deteriorada, co fin de fornecer maior seguridade e comodidade aos veciños que transitan a diario por estas rúas*
- *As actuacións consistirán na demolición do pavimento de cemento existente, na carga e transporte dos entullos para o seu tratamento, e na colocación do pavimento, así como dun sumidoiro para a recollida de augas pluviais na calzada*
- *O Goberno galego, con estas obras, ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria autonómica e a ordenación do territorio e a súa cohesión, mellorando a calidade de vida dos cidadáns*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sarreaus para a urbanización da praza Diagonal e as rúas da contorna por un investimento de case 162.000 euros.

Este proxecto ten como obxectivo reformar a citada praza e as rúas da contorna, en pleno centro de Sarreaus, xa que a súa pavimentación se atopase moi deteriorada. Así, os traballos centraranse no arranxo dos desniveis, fochancas e gretas co fin de fornecer maior seguridade e comodidade aos veciños que transitan a diario por estas rúas.


As actuacións que se van realizar consistirán na demolición do pavimento de cemento existente, na carga e transporte dos entullos para o seu tratamento, e na colocación do pavimento, que será de lastra en pedra, para o tránsito exclusivo de peóns, e outro en base de lastra de formigón para uso mixto. Tamén se instalará un sumidoiro para a recollida de augas pluviais na calzada.

O Goberno galego, con este tipo de actuacións, ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria da Comunidade e a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporciona aos cidadáns unhas estradas eficaces, fomentando o desenvolvemento económico e social.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, coa achega da totalidade do investimento preciso para executar o proxecto.



O Concello de Sarreaus levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras e comunicará á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción dos traballos.





## **A XUNTA IMPULSA CON 6,5M € A INTERNACIONALIZACIÓN DAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DO PROGRAMA GALICIA EXPORTA**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante liñas específicas para proxectos particulares de empresas ou colectivos coordinados por organismos intermedios empresariais, facilita tanto actividades de difusión como a participación en eventos no exterior e accións de prospección internacional*
- *A prioridade do programa é o apoio directo a máis de 300 empresas para favorecer o seu crecemento nos mercados internacionais, ampliar o número de países de destino e diversificar os sectores das súas exportacións*
- *Esta iniciativa, con axudas cofinanciadas con fondos Feder que cobren ata o 80% dos gastos, reforza a Estratexia de Internacionalización da empresa galega 2020 e a axenda estratéxica Horizonte 2020 da UE para facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial, consolidando así a recuperación económica*
- *As exportacións galegas marcaron en 2016 un novo récord histórico ao superaren por primeira vez os 20.000 millóns de euros e seguen medrando un 8% nos nove primeiros meses deste ano*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará con 6,5 millóns de euros a internacionalización das pemes galegas a través do programa Galicia Exporta, que aprobou hoxe o Consello da Xunta. A prioridade do programa é facilitar apoio directo a máis de 300 empresas para facilitar o seu crecemento nos mercados internacionais.

A Xunta, por medio de liñas específicas para proxectos particulares de empresas ou proxectos colectivos coordinados por organismos intermedios empresariais, apoia tanto actividades de difusión como a participación en eventos expositivos no exterior e accións de prospección internacional. O obxectivo é facilitar a internacionalización das empresas galegas para que incrementen a súa presenza nos mercados exteriores, poñendo ao seu alcance axudas, ampliando o número de países de destino das súas exportacións e diversificando os sectores internacionalizados.

As axudas do programa, cofinanciadas a través dos fondos europeos Feder, cobren ata o 80% dos gastos subvencionables aprobados ao abeiro da liña Galicia Exporta Organismos Intermedios para proxectos colectivos, e o 70% no caso dos proxectos particulares acollidos á liña Galicia Exporta Empresas.

Na anterior convocatoria do programa Galicia Exporta, xestionado polo Igape, a Xunta, con preto de 5,35 millóns de euros, facilitou apoio a 318 empresas, mediante accións de internacionalización que beneficiaron de xeito directo ou indirecto máis dun milleiro de pemes. En concreto, aprobáronse máis de 4 millóns de euros en axudas para 175 proxectos ao abeiro do Galicia Exporta Empresas, con especial presenza nos sectores agroalimentario (31 iniciativas), téxtil (28), servizos (27) e maquinaria (25). A través do

Galicia Exporta Organismos Intermedios, na última convocatoria, con axudas que alcanzaron os 1,32 millóns de euros, apoiouse a 23 organismos intermedios que organizaron máis de 150 accións colectivas en que participaron de forma directa 143 empresas.

O programa Galicia Exporta reforza o desenvolvemento da Estratexia de Internacionalización da empresa galega 2020 e a axenda estratéxica Horizonte 2020 da Unión Europea, que buscan facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica.

A través desta iniciativa e de plans como o Foexga -que impulsa accións de internacionalización coa colaboración das cámaras de comercio-, a Xunta contribúe a manter a positiva evolución das exportacións galegas, que seguen medrando un 8% nos nove primeiros meses deste ano, logo de marcar en 2016 un novo récord histórico ao superaren por primeira vez os 20.000 millóns de euros. Ademais, Galicia mantén a segunda mellor balanza comercial de España en termos absolutos (só superada polo País Vasco) sumando 3.274,6 millóns de euros ata setembro, un 5,5% máis que no mesmo período do ano anterior.

A maiores, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto lanzar un novo programa internacionalización dixital dotado cun millón de euros para facilitar, principalmente, a internacionalización de autónomos, microempresas e pequenas empresas a través de plataformas internacionais de comercio dixital.

A Xunta amosa así o seu compromiso coas empresas galegas, pois a súa internacionalización e a dos seus produtos vai ligada á reactivación da economía e á mellora da competitividade do tecido empresarial, favorecendo a creación de emprego de calidade e o desenvolvemento económico.

## **O SERGAS DESTINA 4,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA CENTRALIZADA DE ROUPA DE CAMA E DE MATERIAL DESBOTABLE**

- *Suporá unha redución dos prezos de compra nun 15% na contratación de material desbotable para a recollida de fluídos e mostras e material cortante e unha redución do 14,4% na contratación de roupa de cama*
- *É a primeira vez que o Sergas adquire estes produtos mediante a compra centralizada, que permite a homoxeneización do produto en todos os centros e contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público*
- *Esta actuación intégrase no Plan de compras integradas 2016-2017 do Sergas*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar dúas contratacións por valor de máis de 4,6 millóns de euros para a subministración sucesiva de diferentes tipos de material os centros sanitarios das estruturas de xestión integrada (EOXI) dependentes do Servizo Galego de Saúde. Trátase da contratación de material desbotable para a recollida de fluídos e mostras e material acortante e punzante con risco biolóxico e para a contratación de lenzaría.

É a primeira vez que o Sergas adquire estes produtos mediante a compra centralizada. Esta centralización permitirá un aforro sobre o 15% en ambos os casos, unha mellora de prezos debido á economía de escala e unha maior racionalidade na demanda, xa que se ten feito unha importante homoxeneización de produtos. Ademais, facilita a creación dun único inventario e unha xestión loxística unificada na plataforma loxística do Sergas.

A subministración sucesiva para material desbotable para a recollida de fluídos e mostras e colectores de residuos para material cortante e punzante con risco biolóxico. Esta licitación ten un orzamento de 2.397.565,74 euros (con IVE) para 2 anos e o obxectivo económico desta licitación é conseguir unha redución media dos prezos de compra actuais dun 15%, cun aforro de 386.481,10 € na duración do contrato (193.240,55 euros por ano).

Licítanse un total de 35 produtos integrados en 20 lotes. Na actualidade estes produtos son adquiridos polas EOXI mediante procedementos abertos e contratos menores. Estímase que esta licitación suporá o 60% das compras totais desta familia de produtos.

### **Lenzaría destinada aos centros sanitarios**

O Consello da Xunta tamén autorizou esta mañá o expediente de contratación da subministración sucesiva de pezas de roupa de cama, toallas e roupa de pacientes para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

A licitación ten un orzamento 2.277.092,42 euros (IVE incluído) para 2 anos e o obxectivo económico desta licitación é conseguir unha redución media dun 14,4% sobre os actuais prezos de mercado (384.400 € no período do contrato). Previamente á licitación, homoxeneizaronse os produtos, de tal xeito que esta roupa é dunha calidade igual para todos os centros da rede e superior á existente. Estímase que esta licitación alcanzará ao 97% das compras desta familia de produtos.

### **Plan de compras integradas**

O Plan de compras centralizadas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde prevé a realización de 57 expedientes de compra para todos os centros do Sergas, por un valor de compra anual de 157,5 millóns de euros. Destas contratacións, 121,4 millóns de euros son compras de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas deste organismo.

Coa posta en marcha deste plan, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade, reducindo os prezos dos bens e servizos adquiridos no mercado, e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

Cómpre lembrar que os obxectivos do plan, no cal colaboran todas as estruturas de xestión do Servizo Galego de Saúde, son, por un lado, avanzar cara á central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na plataforma loxística do Sergas; e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuindo os prezos de compra nun 10% como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

## **A XUNTA DESTINA PRETO DE 7,75 MILLÓNS DE EUROS A ENTIDADES PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA DE MENORES CON MEDIDAS XUDICIAIS**

- *Serán beneficiarias desta prórroga a Fundación Camiña Social (A Coruña), a Asociación Dignidad Lugo, a Asociación Centro Trama (Ourense), a Asociación Arela (Pontevedra) e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial (A Coruña)*
- *A Consellería de Política Social destinará en 2018 32,2 millóns de euros aos centros de menores do sistema de protección e de atención á infancia*

A Xunta de Galicia investirá preto de 7,75 millóns de euros na prórroga para o ano 2018 de sete convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social (A Coruña), a Asociación Dignidad Lugo, a Asociación Centro Trama (Ourense) e a Asociación Arela (Pontevedra) mediante os cales se levará a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto. Os dous convenios restantes subscribiranse coa Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral e terapéutica daqueles menores que estean baixo medidas xudiciais privativas de liberdade no centro de atención específica Montefiz. Así se acordou no Consello da Xunta celebrado hoxe.

A través destes convenios, a Xunta garante a continuidade dos servizos que se prestan na rede pública de centros de intervención educativa en medio Aberto (CIEMA) das cidades de Lugo, Ourense, Vigo e Coruña e que xestionan as entidades Dignidad, Trama, Arela e Camiña Social, respectivamente. Entre os recursos que prestan aos menores están a execución das medidas de tratamento ambulatorio, asistencia a centro de día, permanencia de fin de semana, liberdade vixiada, convivencia con persoa familia ou grupo educativo, prestacións en beneficio da comunidade e tarefas socioeducativas, entre outras.

Así pois, a Asociación Dignidad Lugo contará cun investimento de 263.921,04 euros para atender as 17 prazas de centro de día coas que conta o CIEMA de Lugo.

Pola súa banda, a Xunta achegará á Asociación Centro Trama 255.714,28 euros para o CIEMA Ourense, con capacidade para executar simultaneamente 10 prazas de centro de día.

Así mesmo, a Consellería de Política Social investirá 331.166,07 euros para a prórroga do convenio da Asociación Arela, que contará co CIEMA de Vigo, con 12 prazas de centro de día e con outro centro de día na cidade de Pontevedra con capacidade para 8 prazas de asistencia.

No que respecta a Camiña Social, a fundación será beneficiaria dun investimento de 470.805,72 euros para a xestión das 12 prazas de día do CIEMA da Coruña.

Por outra banda, tanto Camiña Social como a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial verán prorrogados os seus convenios para a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas nun centro penitenciario, así como a execución das medidas de internamento terapéutico en réxime pechado, semiaberto e aberto e durante a permanencia en fin de semana.

No caso de Camiña Social, a Xunta realizará un investimento de 2,33 millóns de euros para a execución deste convenio, que se levará a cabo no centro de menores afectados por medidas xudiciais Concepción Arenal, de 35 prazas.

No que respecta á Fundación Diagrama Intervención Psicosocial e para levar a cabo a dita colaboración, a Consellería de Política Social cede en uso á entidade dúas instalacións: o centro de atención específica de Montefiz e o centro Monteledo. O primeiro deles conta con 23 prazas e o segundo con 37. A fundación percibirá do departamento autonómico, con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins, unha achega de 4,07 millóns de euros, dos cales 1,6 se destinarán a Montefiz e 2,4 a Monteledo.

O acordo de prórroga destes convenios terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro do mesmo ano. Cómpre destacar que a Xunta de Galicia incrementará no vindeiro exercicio a partida destinada aos centros para a atención dos menores do sistema de protección e de atención á infancia ata chegar aos 32,2 millóns de euros co obxectivo de garantir as mellores condicións para o desenvolvemento destes mozos e mozas.



## **A XUNTA MANTÉN O SEU COMPROMISO E ESFORZO PARA CONSOLIDAR O ALTO NIVEL SANITARIO DO GANDO GALEGO**

- *O Consello aprobou hoxe destinar 7,5 millóns de euros no 2018 ás campañas de saneamento gandeiro e outras medidas complementarias neste eido*
- *Perséguese manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades, limpeza de vehículos e loita contra a velutina*
- *Tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa e de brucelose bovina, o obxectivo agora é acadar a mesma declaración, canto antes, para a tuberculose bovina*

O Goberno galego mantén o seu compromiso e esforzo para consolidar o alto nivel sanitario do gando galego. O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar outros 7,5 millóns de euros ao longo do ano 2018 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural.

Estas actuacións perseguen manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se detectan animais enfermos e dos vehículos de transporte das reses. Estes fondos destinaranse, ademais, a sufragar o plan de control en relación coa vespa velutina.

O desenvolvemento dos programas nacionais de erradicación ten como finalidade a cualificación sanitaria das explotacións, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, asegurando o mantemento do status sanitario de Galicia e a comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Ademais, tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa e de brucelose bovina, o obxectivo agora é acadar a mesma declaración, canto antes, para a tuberculose bovina. O feito de consolidar estes status sanitarios impedirá que exista calquera tipo de traba á comercialización de animais e produtos e permitirá rebaixar as actuacións sanitarias que se realicen nas explotacións galegas.

### **Visitas e revisións en 2016**

No caso do programa de erradicación da tuberculose bovina, no ano 2016 (último dato dispoñible) visitáronse un total de 37.932 rabaños e foron revisados 829.696 animais. Para controlar a brucelose bovina visitouse o mesmo número de rabaños, sendo revisados 679.342 animais. No que atinxe á brucelose ovina e cabrúa, o número total

de rabaños visitados ascendeu de 20.791, sendo revisados un total de 76.367 animais.

Por outra banda, no programa nacional de vixilancia da leucose enzoótica bovina e da perineumonía contaxiosa bovina, a cifra de rabaños visitados foi idéntica aos da tuberculose e a brucelose bovinas (37.932). Os animais revisados foron 27.301. Nestes casos é lóxico que o número sexa inferior, xa que Galicia é libre destas doenzas, polo que se está en fase de vixilancia. Por último, canto á vixilancia sanitaria na fauna silvestre, a cantidade de mostras é variable, en función das comunicacións que fagan os Tecor colaboradores do plan, pero está arredor das 300 mostras.

Os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa Comunidade presenten un status sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado, e mesmo noutros países europeos.

## **A XUNTA MOBILIZA 42M € PARA MÁIS DE 200 PROXECTOS QUE MELLORARÁN A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EMPRESAS DO SECTOR INDUSTRIAL E HOTELEIRO**

- *O Goberno galego vén de resolver esta convocatoria de axudas que permitirá aos beneficiarios gañar en competitividade grazas á redución das súas facturas enerxéticas en 7M€ anuais*
- *Os apoios, dirixidos á realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e plans de aforro e eficiencia posibilitarán a creación de máis de 300 empregos*
- *Desde a posta en marcha desta liña de axudas en 2013, a Consellería de Economía, Emprego e Industria leva apoiado 938 proxectos*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, apoiará a eficiencia enerxética en máis de 200 empresas do sector industrial e hoteleiro favorecendo unha mobilización de 42 millóns de euros.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) vén de resolver a convocatoria de axudas para a realización de auditorías, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e hoteleiro para os anos 2017 e 2018. En total, permitirá a realización de 205 actuacións cun investimento do Goberno galego de 8,1 millóns de euros. En concreto, serán 177 proxectos de aforro e eficiencia na industria e servizos enerxéticos, 20 en hoteis, 7 auditorías e un sistema de xestión.

Grazas a esta liña de axudas realizaranse 86 instalacións fotovoltaicas para autoconsumo nas empresas e impulsárase a implantación de proxectos innovadores, como tres plantas de valorización de residuos orgánicos para a xeración de biogás para aproveitamento térmico.

A posta en marcha destas iniciativas permitirá a creación de máis de 300 empregos, entre directos e indirectos, e a mobilización de 42 millóns de euros. Ademais, grazas á súa implantación as empresas beneficiarias terán aforros enerxéticos de 90.000 MWh/ano e económicos de 7 millóns de euros, favorecendo unha redución de emisións de CO<sub>2</sub> equivalente á acción de 1,2 millóns de árbores.

Polo tanto, estes apoios posibilitan a mellora da competitividade empresarial grazas á redución das súas facturas enerxéticas; axudan a avanzar nas políticas de protección do ambiente mediante o aforro e a eficiencia enerxética para cumprir os obxectivos fixados pola Unión Europea; e impulsan a creación de emprego.

Desde a primeira convocatoria desta liña de apoios, no ano 2013, o Goberno galego leva impulsado 938 proxectos con axudas por valor de 24 millóns de euros e unha redución de emisións de CO<sub>2</sub> equivalente á acción de 2,8 millóns de árbores.

Este programa responde ao compromiso da Xunta de impulsar políticas que permitan introducir en todos os eidos da sociedade unha cultura do aforro e eficiencia enerxética e un maior uso das fontes de enerxía renovables. Froito deste compromiso son, tamén, as axudas para a implantación de proxectos de instalación de bombas de calor ou solares térmicas que nos dous últimos anos permitiron levar a cabo máis de 500 proxectos por parte de particulares, pemes e administracións galegas; os novos apoios dirixidos ás empresas de produción agrícola primaria que posibilitaron o desenvolvemento de 79 actuacións ou o Plan Vivenda, que este ano superou os 9 millóns de euros de investimento para contar con fogares máis eficientes.

## **A XUNTA INVESTIRÁ NOS CONCELLOS 7 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE 1.420 DESEMPREGADOS DURANTE O PRÓXIMO ANO**

- *O Goberno galego ten previsto publicar o 15 de xaneiro DOG as convocatorias de axudas de 2018 para apoiar na Administración local a contratación de 800 persoas perceptoras da Risga e 620 desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social*
- *No programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixido a receptores da renda de inclusión social, do cal se beneficiarán 192 municipios galegos, terán preferencia as persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as que teñan cargas familiares e os maiores de 45 anos*
- *As dúas actuacións forman parte da Axenda 20 para o Emprego con que a Xunta está impulsando en Galicia a mellora do mercado de traballo e coa cal no último ano se contribuíu ao incremento da contratación indefinida nun 10,64%*

O Goberno autonómico investirá para 2018 preto de 7 millóns de euros para a contratación de 1.420 desempregados nos concellos de Galicia. No Consello da Xunta informouse hoxe de dúas convocatorias de axudas que está previsto publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o 15 de xaneiro, co obxectivo de apoiar a Administración local na dinamización da súa economía e seguir contribuíndo a mellorar a inserción laboral no territorio galego.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará, dun lado, 5,7 millóns de euros para a contratación de 800 persoas receptoras da renda de inclusión social de Galicia (Risga) en 192 concellos, tendo preferencia, ao igual que este ano, aquelas persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.

Con independencia da duración do contrato, o período que financiará a Xunta con estes apoios, que van dirixidos a concellos e as agrupacións de concellos, será de sete meses. A contía que se conceda será a equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo o convenio colectivo vixente. Para a resolución das axudas terase en conta o número de desempregados e a evolución do paro rexistrado entre 2013 e 2017 de cada localidade, así como a evolución da poboación neste período e o número de perceptores da Risga en 31 de decembro deste ano.

O Goberno galego, doutra banda, destinará 1,3 millóns de euros para a inserción no mercado de traballo de 620 persoas sen emprego en 150 concellos e que realizarán obras ou servizos de interese xeral ou social. Nesta convocatoria terán preferencia os

servizos relacionados con Protección Civil e seguridade das persoas e bens, especialmente os proxectos que correspondan a servizos de salvamento e socorrismo.

Con estas dúas convocatorias de axudas, que se publicarán no DOG o 15 de xaneiro e cun prazo dun mes para presentar solicitudes, ofrécese ás persoas desempregadas unha oportunidade para adquiriren unha experiencia laboral que redundará na mellora da súa empregabilidade e que facilita a súa futura inserción no mercado de traballo.

As dúas accións forman parte da Axenda 20 para o Emprego, coa cal a Xunta está impulsando a calidade no mercado de traballo e coa cal se está contribuíndo á redución do paro en Galicia e á creación de emprego. De feito, no último ano, segundo os últimos datos de paro rexistrado, correspondentes ao mes de novembro, a contratación indefinida creceu nun 10,64%, superando en case 6 puntos o reflectido na temporal, ao tempo que medrou a contratación a tempo completo nun 5,82%. O desemprego caeu nun -8,05%, en concreto, en 16.379 persoas.

Ademais, a orde de axudas para as persoas perceptoras da Risga enmárcase na aposta da Xunta polo emprego inclusivo, un eido en que está a traballar e a impulsar con diversos programas, como as axudas que se aprobaron a semana pasada para apoiar con preto de 400.000 euros a contratación de 56 persoas en risco de exclusión social en 11 empresas de inserción laboral.